

# CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O CONCELLO DE OURENSE PARA O FINANCIAMENTO DA EXECUCIÓN DAS OBRAS DA FASE I DA REPROGRAMACIÓN FUNCIONAL DO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE OURENSE, COMPLEMENTARIO AO CONVENIO DE 17 DE DECEMBRO DE 2021

Na data da sinatura dixital,

## REUNIDOS

Dunha parte, **D. Julio García Comesaña**, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo adscrito á dita consellería, actuado en nome e representación deste último, no exercicio das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e de conformidade co establecido no Decreto 137/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, así como na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Doutra parte, **D. Gonzalo Pérez Jácome**, actuando en nome e representación do Concello de Ourense, en virtude da súa condición de Alcalde-Presidente da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, artigo 61.1 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia e o artigo 41.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

As partes intervenientes recoñécense capacidade legal para outorgar o presente convenio, e para iso,

## EXPOÑEN:

I. No ano 2003 aprobouse o Plan Director do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, que respondía a un estudo integral das necesidades asistenciais dos recursos existentes e das melloras que era preciso introducir para acadar un nivel de calidade óptimo na atención sanitaria á poboación da provincia de Ourense.

Tratábase dun proxecto de grande envergadura, que ía máis aló dunha simple remodelación dos edificios existentes, buscando unha renovación total dos recursos, ampliando as instalacións, introducindo innovacións tecnolóxicas e mellorando os accesos para garantir unha asistencia máis eficaz e próxima á poboación afectada.

Así, ao longo deste anos foron acometéndose as obras correspondentes á execución do edificio do Bloque Cirúrxico e do edificio da nova Hospitalización.

Porén, nestes últimos anos xurdiron novas necesidades que non estaban recollidas no Plan Director, polo que, co obxectivo de non demorar varios anos a finalización das obras de reforma



e poder seguir avanzando na súa execución, foi preciso que o Servizo Galego de Saúde realizase unha reprogramación funcional do plan, que por unha banda permita desbloquear as obras de reforma pendentes e por outra se adapte ás novas necesidades.

As actuacións previstas nesta reprogramación funcional, executadas en fases, permitirán desbloquear a actual situación, abordando en primeiro lugar os núcleos de comunicación e o resto da hospitalización necesaria e despois a reforma progresiva da edificación existente.

II. Para estes efectos, o Servizo Galego de Saúde elaborou e aprobou un proxecto básico das obras da fase I da reprogramación funcional do Plan Director do CHUOU, que foi remitido ao Concello de Ourense no mes de xuño de 2020, co fin de proceder á súa aprobación polo procedemento previsto na Lei 3/2016, de 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou excepcional interese. O orzamento de execución material das obras previsto no proxecto cífrase en 33.739.685,05 euros.

O dito proxecto foi informado favorablemente pola Xunta de Goberno Local do Concello de Ourense, previa a tramitación do expediente (que figura como expediente relacionado nº 2020016639), mediante acordo de data 25 de febreiro de 2021, para a súa posterior aprobación polo Consello da Xunta de Galicia.

III. Dado o elevado importe das actuacións a realizar, tendo en conta o seu impacto social e económico para a cidade de Ourense e partindo do principio xeral de cooperación e colaboración entre administracións públicas recollido no artigo 3.1.k) da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o Servizo Galego de Saúde solicitou a cooperación económica do Concello de Ourense coa administración sanitaria para o financiamento e execución dos investimentos de referencia.

A fórmula habitualmente seguida para articular a colaboración económica entre o Servizo Galego de Saúde e os municipios da comunidade autónoma para este tipo de fins é a da regulación por parte do concello interesado de beneficios fiscais a favor da administración sanitaria. En concreto, inicialmente o Servizo Galego de Saúde propuxo ao Concello de Ourense a regulación, a través das correspondentes ordenanzas fiscais, dos seguintes beneficios fiscais:

- Dunha banda, unha bonificación do 95% da cota do Imposto de Construcións, Instalación e Obras dos investimentos a realizar na fase I, cota que será o resultado de aplicar o tipo de gravame do 2,6 % ao custe real e efectivo das obras, calculado conforme ao previsto no artigo 102 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo (TRLFL, en adiante). O fundamento legal desta bonificación atópase no disposto no artigo 103.2.a) do TRLFL.

- Doutra banda, a exención do Imposto de Bens Inmóveis, durante un prazo de seis anos, en favor dos centros sanitarios de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia ou do Servizo Galego de Saúde no municipio de Ourense. O fundamento legal desta exención atópase no disposto no artigo 62.3 do TRLFL.



Logo do seu estudo por parte da Concellería – Delegada da Área de Facenda do Concello de Ourense, esta proposta inicial foi desbotada, dado que afectaría á previsión de ingresos dos exercicios 2021 e seguintes do Concello de Ourense o que, no actual escenario económico, podería xerar importantes dificultades na elaboración dos ditos orzamentos, comprometendo a suficiencia dos recursos municipais ordinarios dispoñibles. En cambio, e tendo en conta que o Concello de Ourense contaba cun elevado remanente de tesourería para gastos xerais, dispoñible para o financiamento deste tipo de investimentos, na reunión de traballo realizada o 31 de agosto de 2020 entre representantes municipais e da administración sanitaria propúxose dende o goberno local, como fórmula alternativa, a concesión ao Servizo Galego de Saúde dunha subvención nominativa polo importe dos beneficios fiscais solicitados pola administración sanitaria, proposta que foi aceptada polos representantes desta última na dita reunión.

O cálculo da contía da subvención realizouse considerando dous importes, por un lado a exención do IBI, dos inmobles dedicados a centros de saúde titularidade do Servizo Galego de Saúde ou da Comunidade Autónoma, por un prazo de seis anos. E por outro a bonificación do 95% do ICIO correspondente ás obras da fase I.

En consecuencia, a achega financeira ou subvención do Concello de Ourense ás obras sería de 4.125.062,98 euros.

IV. Paralelamente, procedeuse á negociación do convenio. Durante a dita negociación, o Servizo Galego de Saúde comunicou ao Concello que no exercicio 2021 a cota tributaria do IBI correspondente ao Complexo Hospitalario incrementárase (como consecuencia da incorporación ao valor catastral das obras de ampliación realizadas nos últimos anos) pasando dunha cota de 366.721,49 euros (que fora a considerada para o cálculo do importe da subvención) a 550.637,79 euros. Isto implicaba, conforme ás bases de cálculo utilizadas, a necesidade de incrementar o importe da subvención na contía de 1.103.497,8 euros (resultado de multiplicar por seis anos a contía de 183.916,3 euros, que é a diferenza entre a cota de 2021 e a de 2020). Ao non ser posible a concesión dese importe no exercicio 2021, dado que o crédito dispoñible limitábase aos 4.125.062,98 euros inicialmente calculados) acordouse incluír no convenio o compromiso de dotar orzamentariamente e conceder, no exercicio 2022, unha subvención complementaria por importe de 1.103.497,80 euros.

5. Con data 17 de decembro de 2021 (e previa a súa aprobación por acordo plenario de 3 de decembro de 2021), o Concello de Ourense e o Servizo Galego de Saúde subscribiron o convenio para o financiamento da execución das obras da fase I da reprogramación funcional do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, en virtude do cal o Concello de Ourense concedeu ao Servizo Galego de Saúde unha subvención de catro millóns cento vinte e cinco mil sesenta e dous euros e noventa e oito céntimos (4.125.062,98 euros) euros para o financiamento das ditas obras.

Na súa cláusula 2ª, parágrafo terceiro, o Concello asumía o compromiso de "dotar



orxamentariamente e tramitar, no exercicio 2022, unha subvención complementaria por importe de 1.103.497,80 euros para a mesma finalidade”.

Por todo isto, formalizan o presente convenio de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

### Primeira. Obxecto e compromiso do Concello de Ourense

O obxecto do presente convenio é regular a concesión da subvención nominativa prevista no convenio de colaboración entre o Concello de Ourense e o Servizo Galego de Saúde de 17 de decembro de 2021, a favor do Servizo Galego de Saúde e por importe de 1.103.497,80 euros, destinada ao financiamento da execución das obras correspondentes á Fase I da reprogramación funcional do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense.

A tal efecto, o presente convenio ten carácter complementario do de 17 de decembro de 2021.

Esta subvención entenderase concedida polo acto de aprobación do presente convenio, e aboarase ao Servizo Galego de Saúde mediante un pago anticipado do 100 % do seu importe, que se realizará a partir da data de formalización do convenio, ao constar xa acreditada a adxudicación por parte do Servizo Galego de Saúde do contrato das obras financiadas pola dita subvención.

### Segunda. Compromisos do Servizo Galego de Saúde

O Servizo Galego de Saúde comprométese á executar as obras correspondentes á Fase I da reprogramación funcional do Plan Director, que incluírán:

- Construción do novo edificio de hospitalización e ambulatorio: O novo edificio terá 12 plantas, e destinarase desde a planta -2 ata a planta segunda a usos fundamentalmente ambulatorios e desde a terceira ata a novena a hospitalización.
- Reforma do materno infantil: demolición íntegra interior e de fachadas, ao obxecto de conservar unicamente a súa estrutura.
- O Servizo Galego de Saúde xustificará a execución e pagamento das obras subvencionadas tendo como prazo límite de xustificación o dos catro anos de vixencia do convenio de 17 de decembro de 2021, podendo ser prorrogado por outros catro anos máis.

A xustificación realizarase de modo conxunto para as dúas subvencións previstas no convenio de 17 de decembro de 2021 e no presente convenio, na modalidade de xustificación simplificada prevista no artigo 28.5 da Lei 9/2007 de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, mediante certificación da toma de razón en contabilidade do gasto e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención, expedida pola intervención ou órgano do Servizo Galego de



Saúde que teña atribuídas as correspondentes facultades de control.

O Servizo Galego de Saúde, para a execución dos investimentos da fase II non solicitará novas achegas económicas ao Concello de Ourense.

### **Terceira. Comisión de seguimento, vixilancia e control**

As funcións de seguimento, vixilancia e control do presente convenio corresponderán á Comisión prevista na cláusula 4ª do convenio de 17 de decembro de 2021.

### **Cuarta. Causas de resolución**

Serán causas de resolución do presente convenio as seguintes:

- a) Polo transcurso do seu prazo de vixencia sen terse acordado a súa prórroga.
- b) Polo acordo das partes.
- c) Polo incumprimento das súas obrigas e compromisos por calquera das partes, a pedimento da outra parte. Neste caso, a parte que solicita a resolución deberá notificar á outra parte un requirimento para que cumpra as súas obrigas nun prazo determinado. Do requirimento formulado se dará traslado á comisión de seguimento, para informe. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o formulou notificará á outra parte a concorrencia da causa de resolución, e entenderase resolto o convenio.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio
- e) Pola resolución do convenio de 17 de decembro de 2021, ao que complementa.
- f) Por calquera outra causa prevista nas leis.

Producida a resolución do convenio, este entrará en liquidación, que será aprobada polo Concello de Ourense, previo informe da comisión de seguimento. Contra o acto de liquidación procederán os recursos previstos contra os actos administrativos no ordenamento xurídico.

Na liquidación incluíranse os danos e prexuízos causados pola resolución, que serán imputables á parte que os causase conforme ás regras xerais de responsabilidade contractual. En todo caso, a liquidación suxeitarase ao previsto no artigo 52 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

### **Quinta. Réxime xurídico**

O presente convenio de colaboración ten carácter administrativo, sendo de aplicación o disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

De conformidade co disposto no artigo 6.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, o presente convenio está excluído da súa aplicación. Non obstante, consonte o artigo 4 da dita



Lei, este convenio rexerá polas súas normas especiais, aplicándose os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

### **Sexta. Resolución de conflitos e xurisdición competente**

As partes asinantes do presente convenio comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no seu desenvolvemento, a través da comisión de seguimento.

A resolución das cuestións litixiosas relativas ao convenio e aos seus actos de execución corresponderá aos xulgados e tribunais da orde xurisdiccional contencioso – administrativa.

### **Sétima. Vixencia**

O presente convenio terá a mesma vixencia que o convenio de 17 de decembro de 2021, ao que complementa, entendéndose prorrogada esta en caso de prórroga da vixencia do dito convenio.

### **Oitava. Publicidade**

A sinatura deste convenio leva implícito o consentimento expreso das persoas intervenientes para que a Administración pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal e mailo resto de especificacións que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e na Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

En proba de conformidade con canto antecede, asinan o presente convenio na data da súa sinatura dixital,

**POLO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

**POLO CONCELLO DE OURENSE**

**Julio García Comesaña**

**Gonzalo Pérez Jácome**

Documento asinado dixitalmente por:  
Julio García Comesaña (23/12/2022 18:35)  
<https://sede.xunta.gal/cve?idcve=SAOC-W4G4-BOAH-OF40-TAN2-71SR-8RRC-A167-1816-9280-25>

